

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de marzo de 2025**

Ás 17.08 horas do día 19 de marzo de 2025, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Fernández Fernández

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Jorge Pumar Tesouro que é substituído por don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 19 de febreiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2025.-

D.ª Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. **Don Bernardo Varela López, do BNG, e don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, sinalan que dado o elevado número de facturas incluídas no expediente van a facer un estudo máis profundo polo que reservan o seu voto de cara ao pleno.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourense (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

- Aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos n.º 2024/16029K e autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2025, nas partidas orzamentarias correspondente, das facturas que aparecen recollidas na Resolución da Presidencia n.º 2025/3392, incorporada ao expediente administrativo electrónico núm. 2024/16029K, e CSV 15704543415566431541 (a autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV indicado en <https://sede.depourense.es>).

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA AVANZAR CARA A MELLORA DOS MECANISMOS DE FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

Os concellos da provincia de Ourense, nomeadamente os máis pequenos, enfróntanse a diversos problemas de financiamento que afectan á súa capacidade de prestación de servizos básicos e o mantemento da súa propia viabilidade. Entre os desafíos que afectan á súa capacidade destacan: 1) o despoboamento e envellecemento da poboación, 2) o infrafinanciamento, 3) a burocracia e complexidades administrativas, e 4) a necesaria cooperación intermunicipal. Dunha banda, moitos dos nosos municipios experimentan

perdas de habitantes e elevados índices de envellecemento, que reducen a base impositiva ao tempo que incrementan a demanda de certos servizos. Segundo un informe do Consello de Contas, esta tendencia ameaza a viabilidade de ata 36 concellos ourensáns. Amais, a distribución dos fondos públicos non sempre reflicte as urxencias dos concellos máis pequenos, limitando a súa capacidade para financiar proxectos e servizos esenciais.

Coa chea de carga burocrática e a implementación de novas normativas aumentan as obrigas administrativas dos concellos, que a miúdo carecen de persoal e recursos suficientes para xestionalas eficientemente, introducindo unha complexidade engadida na prestación de servizos e execución de proxectos locais. Para paliar estas dificultades, expertos en administración e financiamento local suxiren avanzar cara fórmulas mancomunadas ou mesmo a fusión de concellos, co obxecto de optimizar recursos e mellorar a eficacia e eficiencia na prestación de servizos. A modo de exemplo, Red Localis avoga por esta colaboración coma instrumento para reforzar o financiamento e a sustentabilidade dos pequenos municipios. En resumo, polas devanditas causas e algunhas outras casuísticas, os concellos máis miúdos de Ourense confrontan retos de chamado en materia de financiamento que ameazan a súa competencia e suficiencia.

A cuantificación da infrafinanciación dos concellos ourensáns é complexa debido á variabilidade nas necesidades e recursos de cadaquén. Porén, diversos estudos sinalan indicadores que permiten entender a magnitude deste problema. Especialistas e representantes municipais instan á revisión do sistema de financiamento local para adaptalo ás necesidades vixentes. A modificación do actual mecanismo é reivindicado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que destaca a insuficiencia de recursos que afecta a unha porcentaxe significativa de concellos, sobre todo no que atinxe ás áreas de servizos sociais e axuda á dependencia. Tras anos de loita, nesta lexislatura 2023-2027 puxemos en marcha na Deputación de Ourense un novo instrumento de financiamento para entidades locais, o Plan CooperOU, que, ben que incrementa os recursos dispoñibles para investimentos, gasto e amortización de débedas; aínda se entoxa moi insuficiente.

O Fondo de Cooperación Local (FCL) é o principal instrumento de colaboración económica e financeira da Xunta de Galicia coas entidades locais, que aspira a garantir a participación das facendas locais nos ingresos da Comunidade Autónoma e a suficiencia financeira dos concellos. O FCL divídese en dúas partes principais, cun fondo base, que é unha contía fixa destinada a todos os concellos, que en 2025 ascenderá a 112,9 millóns de euros; e un fondo adicional, como partida variable destinada a proxectos específicos ou a concellos con

características particulares, como aqueles con menos de 15.000 habitantes, e que neste exercicio será de 55,1 millóns de euros. Secasí, tal e como sinala a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o fondo base permanece conxelado desde 2010, afectando á capacidade financeira dos concellos. E aínda que no DOG de 12 de marzo do 2025 se publica unha orde de 5 de marzo do 2025 que inclúe unha dotación adicional de 5 millóns de euros para o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos cunha poboación inferior a 15.000 habitantes; é evidente que o aumento non cobre as necesidades dos municipios de Galicia.

As eivas de financiamento son senlleiras en Ourense. Imponse unha actualización do financiamento local para adaptalo ás necesidades específicas dos nosos concellos, garantindo a súa suficiencia e capacidade para prestar servizos de calidade. Imponse incrementar o fondo base do FCL para dar conta das urxencias actuais das administracións locais e permitir unha mellor planificación financeira. Imponse establecer mecanismos claros para o financiamento da pléiade de competencias que os concellos asumen sen ter asignados recursos necesarios. Imponse unha meirande flexibilidade na asignación de fondos a prol dunha máis ampla autonomía dos concellos na xestión dos fondos, adaptándose ás súas continxencias específicas e promovendo proxectos acaídos co desenvolvemento local. Imponse a posta ao día do FCL, coma ferramenta fundamental para o financiamento dos concellos ourensáns, onde os retos demográficos e económicos esixen unha atención particular.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Demandar do Goberno do Estado que afronte de xeito urxente a reforma en profundidade do financiamento das administracións locais, conxuntamente coa actualización do financiamento das comunidades autónomas, tal e como reivindica a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para mellorar os recursos ao dispor das entidades locais e, nomeadamente, fortalecer o desenvolvemento dos municipios rurais, garantindo a igualdade no acceso aos servizos públicos e outorgando as mesmas oportunidades á cidadás e cidadáns, independentemente do seu lugar de residencia.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia a actualización do Fondo de Cooperación Local (FCL) para adaptalo ás necesidades específicas dos concellos da provincia de Ourense, garantindo a súa capacidade e viabilidade para prestar servizos de calidade á veciñanza, dando conta das urxencias actuais das entidades locais e habilitar unha mellor planificación financeira, na liña do esixido pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

para incrementar as contías do FCL, incluír neste fondos que na actualidade chegan aos concellos a través doutras vías e buscar novas fórmulas de financiamento para axudar aos entes locais.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que realmente existe un problema de financiamento dos concellos no Estado Español, e que por enriba os concellos pequenos e medianos teñen infrafinanciamento respecto ás grandes cidades. Lembra que o Estado transfire aproximadamente unha cantidade de 600 € por habitante e ano ao Concello de Madrid, mentres que ao Concello de Allariz esa conta lle sae a 220 €/habitante e ano. Insiste en que a prestación dos servizos municipais é máis custosa nos concellos pequenos e que ademais contan con dispersión poboacional, polo que non se entende o sistema actual. Cualifica esta situación como un verdadeiro déficit democrático do Estado Español. Por outra banda lembra que a Xunta de Galicia ten conxelado desde o ano 2009 o Fondo de cooperación local, o cal non é nin minimamente lóxico.

Dona Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, matiza que a Xunta de Galicia este ano si actualizou os importes do Fondo de Cooperación Local. Anuncia a reserva de voto do seu grupo nesta moción.

Don Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, engade que son conscientes do maior peso que teñen as grandes cidades en organización como a FEMP, pero que os concellos pequenos e medianos deben unirse e alzar a voz nun asunto de tanta transcendencia como este. Respecto ao papel da Xunta de Galicia, sinala que ademais de subir o importe do Fondo de Cooperación Local, que é unha cuestión urxente, debe tamén prescindir de subvencións condicionadas e dotar de liberdade aos concellos á hora de decidir o destino do financiamento que reciban.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o dito ata o de agora é trasladable ao financiamento das Deputacións, e que non ten ningún sentido que a Deputación da Coruña case que triplique en orzamento a esta Deputación, que ten que prestar asistencia a un número maior de concellos e sendo estes de menor poboación e maior número de núcleos. Para rematar o debate o **Presidente** sinala que é unha realidade que existe un déficit no financiamento das entidades locais, e que cada vez se asumen máis competencias, propias e impropias, pero sen o financiamento axeitado.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4), e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Demandar do Goberno do Estado que afronte de xeito urxente a reforma en profundidade do financiamento das administracións locais, conxuntamente coa actualización do financiamento das comunidades autónomas, tal e como reivindica a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para mellorar os recursos ao dispor das entidades locais e, nomeadamente, fortalecer o desenvolvemento dos municipios rurais, garantindo a igualdade no acceso aos servizos públicos e outorgando as mesmas oportunidades á cidadás e cidadáns, independentemente do seu lugar de residencia.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia a actualización do Fondo de Cooperación Local (FCL) para adaptalo ás necesidades específicas dos concellos da provincia de Ourense, garantindo a súa capacidade e viabilidade para prestar servizos de calidade á veciñanza, dando conta das urxencias actuais das entidades locais e habilitar unha mellor planificación financeira, na liña do esixido pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para incrementar as contías do FCL, incluír neste fondos que na actualidade chegan aos concellos a través doutras vías e buscar novas fórmulas de financiamento para axudar aos entes locais.

4.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA AO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO DO ANO 2024.-

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Na mencionada Disposición tamén viña regulado que cando as corporacións locais despois de atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que lle resulte de aplicación, tendo o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas o exercicio anterior e destinara o saldo correspondente para amortizar as devanditas obrigas para que non se

inorra en treminos de déficit, o restante saldo positivo poderase destinar a financiar inversións sempre que esta sexa financeiramente sostible.

Este punto dálle ao concellos e deputacións a oportunidade de facer investimentos en Saneamento, abastecemento e distribución de augas, recollida, eliminación e tratamento de residuos, iluminación pública, protección e mellora do medio ambiente, mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos, industria, enerxía, comercio, promoción turística, etc...

Dada a actual situación financeira de deputacións e concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que concellos e deputacións poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula as de regras especiais para o destino do superávit orzamentario. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguinte

ACORDO:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentarias e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións financeiramente sostibles ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que de entrada están conformes coas propostas de acordo, e que non semella lóxico o nivel de endebedamento ao que está a chegar o Estado, mentres por lei se limita moito a capacidade de endebedamento das entidades locais.

Don Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, afirma que os que lexislan na maioría dos casos non saben o que é xestionar un pequeno concello, e que as regras fiscais que se nos aplican nos limitan moitísimo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourense (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentarias e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións financeiramente sostibles ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Don Aurentino Alonso Araujo, do Grupo Socialista, sinala que no seu concello están a asumir unha serie de gastos relativos ao control e prevención da lexiónelose nos colexios de primaria. É por iso que pide, se é posible, que se inste á FEGAMP ou que sexa a propia Deputación a que estude e emita un informe claro sobre ata onde chegan as obrigas dos concellos no relativo ao mantemento e asunción de servizos nos colexios de primaria de titularidade autonómica.

O Presidente toma nota do rogo formulado.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.